

## ENCUNTROS VIRTUAIS XUNTA - UE

### O futuro da PAC: unha visión sostible, resiliente e competitiva

<b>Data</b>	29 de outubro de 2024
<b>Lugar</b>	En liña
<b>Organización</b>	Fundación Galicia Europa
<b>Asistentes</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes</li> <li>▪ Consellería de Facenda e Administración Pública</li> <li>▪ Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional</li> <li>▪ Consellería de Medio Rural</li> <li>▪ Consellería do Mar</li> </ul>
<b>Relator</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Ricard Ramón i Sumoy</b>, xefe de unidade adxunto na Dirección Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rexional da Comisión Europea</li> </ul>

### Introducción

A directora da oficina de Bruxelas da Fundación Galicia Europa, Ana Ramos, inaugurou a sesión correspondente ao mes de outubro do ciclo 'Encontros Virtuais Xunta-UE', o foro de debate entre o goberno galego e as institucións europeas. A cita serviu debater o futuro da Política Agrícola Común (PAC), unha das políticas comunitarias xunto coa cohesión, con maior peso no orzamento a longo prazo da UE. En concreto, representa o 31%, con 387 000 millóns de euros.

FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Rue de la Loi, 38 2° - 1040 Bruxelles  
T. +32 2 7355440  
bruselas@fundaciongaliciaeuropa.eu

 @FGaliciaEuropa  
 om/fundación-galicia-europa  
 ndaciongaliciaeuropa.eu

A directora da oficina da FGE en Bruxelas lembrou que a actual PAC xa está orientada cara unha política agrícola máis xusta, ecolóxica e baseada en resultados, con axudas á renda dos agricultores, medidas para garantir a seguridade alimentaria e preocupación pola subsistencia das zonas rurais sen descoidar a protección do medio ambiente. Con todo, Ana Ramos advertiu que a proposta para o marco financeiro posterior a 2027 terá que recoller as leccións aprendidas trala crise sanitaria e a guerra en Ucraína.

Á vista do sinalado nas orientacións políticas presentadas o pasado mes de xullo pola reelixida presidenta da Comisión Europea, Ursula von der Leyen, a nova PAC, explicou Ramos, terá que acadar un equilibrio axeitado entre incentivos, investimentos e regulación. Nestes momentos xa se están a producir debates preparatorios concentrados no informe que lidera o profesor Peter Strohschneider, cuxas conclusións guiarán o traballo do novo executivo comunitario en materia de agricultura e alimentación. Este documento presentarase nos primeiros 100 días do segundo mandato da Comisión von der Leyen.

Na sesión deste mes, Ricard Ramón i Sumoy, xefe de unidade adxunto na Dirección Xeral de Agricultura (DG AGRI) da Comisión Europea foi o encargado de achegar a visión comunitaria. Ramos agradeceulle que fose a súa segunda participación nos ‘Encontros virtuais Xunta-UE’, posto que xa participara en 2020 para abordar a arquitectura verde da PAC. Para expoñer a perspectiva e a experiencia galega contouse coa participación de Juan **José Cerviño Varela, director do Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) e director xeral da PAC e Control da Cadea Alimentaria da Xunta de Galicia, quen presentou os pasos que está dando Galicia para converterse nunha rexión líder na transición cara unha nova PAC máis verde, competitiva e resiliente.**

## Resumo da reunión

No contexto de crise dos últimos anos, primeiro coa disfunción das cadeas de subministro froito da aparición da COVID 19 e máis tarde co aumento dos costes da enerxía debido á guerra en Ucraína, **os mercados agro alimentarios atopáronse extremadamente tensionados.** Como resultado desta tensión, os prezos dos alimentos en Europa experimentaron unha grande inflación que chegou ao 19% en 2023, o que non se vía dende a Segunda Guerra Mundial.

A esta situación sumáronse os **requirimentos medioambientais introducidos pola PAC en 2023** para avanzar no cumprimento dos obxectivos climáticos e medioambientais establecidos na Unión Europea para 2030 e 2050. En moitos casos, unha actividade agropecuaria máis respectuosa co medio ambiente pode traer consigo un aumento dos prezos de produción. Neste sentido, a cuestión de fondo está relacionada con quen debe asumir este aumento de prezos en vista de que nin produtores nin consumidores semellan

dispostos a facelo. Esta situación xerou un “terremoto nas políticas europeas” que freou algunhas propostas legislativas como o Regulamento de pesticidas, **rexeitado** polo Parlamento Europeo. As amplas protestas dos agricultores de inicios de 2024 fixéronse eco deste profundo malestar do sector, dando como resultado a flexibilización de certos aspectos medioambientais da PAC no mes de abril.

### **O Diálogo Estratéxico sobre o Futuro da Agricultura.**

Segundo datos da Comisión Europea, a produtividade do sector agro-gandeiro na Unión atópase baixo unha gran presión debido ao cambio climático e aos fenómenos meteorolóxicos extremos. Máis de 17 millóns de persoas traballan directamente na agricultura en Europa, cunha idade media que crece cada ano ata acadar unha media de 57 anos en 2023. A inflación dos factores de produción e o baixo nivel de rendas completan a situación deste sector.

Neste contexto, a comezos de 2024 comezouse a reflexionar sobre como reformar e mellorar diversos aspectos da Política Agrícola Común, tales como a organización común do mercado, a cadea alimentaria ou a cooperación entre agricultores. A estas reflexións se lles deu a forma dun **diálogo estratéxico** que, dirixido polo académico alemán Peter Strochnaider, reuniu a agricultores europeos, ONG ambientais, distribuidores, industria, produtores de fertilizantes e outros actores para atopar un acordo que foi presentado á Comisión.

Unha vez publicado o informe final en setembro de 2024, a nova Comisión Europea que entrou en funcionamento o 1 de decembro elaborará unha visión de futuro sobre a agricultura dentro dos 100 días de mandato. Seguidamente, ha de elaborar unha proposta de nova PAC para o período 2028-2035 que será presentada na segunda metade de 2025, sempre tendo en conta o resultado do diálogo estratéxico. A visión sobre o futuro da agricultura tamén impactará noutras políticas, como o benestar animal, a transición enerxética e os sistemas alimentarios, pois ningunha delas pode ser analizada de forma illada.

Mentres esta visión e a modificación da PAC non son presentados, a Comisión continúa traballando para mellorar a situación do sector agrícola europeo. Por exemplo, recentemente presentou a creación dun novo observatorio das marxes e os costes, así como un novo observatorio da cadea alimentaria que ten como obxectivo mellorar a relación dos actores e as Organizacións Comúns de Mercado (OCM).

## Presentación da Dirección Xeral da PAC e Cadea Alimentaria

a) A **flexibilización da PAC resulta insuficiente ata o de agora**, tal e como demostran as recentes protestas dos agricultores. Esta falta de flexibilidade ven motivada por dous aspectos importantes:

- **O enfoque a resultados dos Plans Estratéxicos da PAC (PEPAC)**, o cal dificulta a súa execución, tanto para a administración como para os beneficiarios. A súa estrutura non permite introducir novas modificacións que poidan ser executadas de forma áxil pola administración. As modificacións que introduciron en outubro non serán operativas ata maio.
- **Enfoque territorial insuficiente:** non é posible adaptar as medidas e os obxectivos á realidade socioeconómica e climática de cada rexión. Por exemplo, o eco réxime da sega sostible ou as medidas de protección da biodiversidade non se adaptan á realidade galega. Ao mesmo tempo, o sistema de seguimento imposto neste período tamén resulta complexo de aplicar, polo que resulta complicado cumprir con estes aspectos da PAC.

b) Se ben a Xunta de Galicia e a PAC perseguen os mesmos obxectivos para o sector agrícola, véxase incrementar a produtividade agrícola, garantir un nivel de vida equitativo para a poboación rural e garantir o subministro de alimentos, Galicia considera que no futuro a Política Agrícola Común debería abordar asuntos máis concretos, tales como:

- **Garantir un bo nivel de vida no rural.** Co fin de ofrecer un nivel de vida no rural que sexa equitativo a dos outros ámbitos da poboación, dende Galicia seguirase apostando por un primeiro pilar da PAC sólido en forma de pagos directos e axudas á renda axustadas á realidade de agricultores e gandeiros, así como eco esquemas adaptados á realidade territorial de cada rexión.

Tampouco pode esquecerse a promoción da inversión no ámbito rural a través do segundo pilar da PAC, fomentando non só as axudas para conseguir servizos no rural, abrir vías de comunicación, fibra óptica, infraestruturas de loita contra os incendios, etc. , senón tamén para conseguir novas terras para o uso agrario e gandeiro a través dos **instrumentos de mobilización de terras** que se implementaron nestes últimos anos e que se seguirán apoiando, como son o banco de terras, os polígonos agroforestais, as aldeas modelo, etc.

- **Incorporar á mocidade no sector agrario**, de tal maneira que se asegure un relevo xeracional. É necesario atender a cuestións como o acceso á vivenda en áreas rurais con estándares de calidade similares ás das áreas urbanas.
- **Potenciar a dotación financeira dos instrumentos**, tal e como se están impulsando en Galicia.
- **Reforzar a posición dos agricultores dentro das cadeas alimentarias** a través da elaboración de estudos ou fomentando as cadeas de distribución curtas, de igual maneira que se intenta facer dende esta dirección xeral creada recentemente na Xunta de Galicia. Como novidade neste ámbito, en Galicia vai crearse proximamente un **observatorio do sector lácteo** para reforzar as organizacións de produtores, de modo que estean en mellores condicións para negociar os prezos.
- **Seguir protexendo o medio ambiente** a través da aposta por liñas agroalimentarias, pastos ou da promoción de razas autóctonas, como fai Galicia. Nesta dirección preténdese reabrir liñas de axuda ao gando e á agricultura ecolóxica en 2025, así como crear unha nova liña de benestar animal en 2026, se a Comisión Europea o permite.
- **Continuar coa dixitalización do sector**, posto que xunto á innovación resulta de gran relevancia no campo. Galicia continúa traballando no desenvolvemento da base de datos **XEAGA**, a cal servirá para realizar as futuras solicitudes da PAC xunto cos cadernos dixitais.
- **Facilitar a xestión de riscos e desastres naturais** en vista da nova realidade climatolóxica máis extrema e á aparición de novos vectores de enfermidades e pragas. Unha normativa máis áxil e flexible en materia de competencia ou compensacións resulta necesaria para facer fronte a estes novos retos.

En conclusión, necesítase unha PAC máis flexible, menos burocrática e máis atractiva.

## Ligazóns de interese

- **Noticia FGE-** *Xunta e Comisión Europea debaten sobre o futuro da Política Agrícola Común (PAC)*
- **Noticia FGE-** *Publicado o informe do diálogo estratéxico sobre o futuro da agricultura da UE*
- **Páxina web** do Diálogo Estratéxico para o futuro da PAC